

7 / ABRIL DO 2005 - NÚMERO 560

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**

**LUPE E
LUZ**

LUZ FANDIÑO NACEU NO ANO 1931, NO BARRIO REVOLUCIONARIO DE SAR, EN COMPOSTELA. TIVO QUE EMIGRAR, AOS 20 ANOS, A BÓS AIRES, ONDE PASOU 12 ANOS, CHEOS DE DESOLACIÓN E TRISTEZA. DESPOÍS ESTIVO, TAMÉN COMO EMIGRANTE, 15 ANOS EN PARÍS, ONDE O PASOU MAL, PERO DESCUBREU A CULTURA FRANCESA E APRENDEU A SÚA PROPIA LIBERDADE. REGRESOU DEFINITIVAMENTE A COMPOSTELA NO ANO 1979. LUZ FANDIÑO É UNHA MULLER REVOLUCIONARIA E TENRA. CHEA DE VIDA, FORZA E BELEZA. A SÚA VIDA FOI DIFÍCIL, PERO ELA SOUBO ANTE ELA RENACER, COA SÚA POESÍA, COA SÚA RABIA. AGORA É UNHA MULLER DE 73 ANOS, QUE DESFRUTA COS AMIGOS E COS BÓS MOMENTOS QUE ATOPA NO CAMIÑO. SEGUE SENDO REBELDE, E HAI NOS SEUS OLLOS UN MIRAR INCOMPRENDIDO, FERMOZO, ADOLESCENTE. EU FIXEN UN LIBRO SOBRE LUZ FANDIÑO, DO QUE A REVISTA DAS LETRAS OFRECE HOXE UNS RETRINCOS. FOI, PARA MIN, O MEU PROCESO DE CREACIÓN MÁIS FELIZ. NESE LIBRO ESTÁ LUZ FANDIÑO, E ESTOU EU. PARECEMOS DÚAS AMIGAS INFINITAS QUE, XUNTAS, COLLEMOS FORZA NA VIDA E BRILLAMOS MOITO. SENTINME, FACENDO ESTE LIBRO, COMO NO INTERIOR DUN CONTO PRECIOSO. AGORA QUE O LIBRO XA REMATOU LUZ E EU SEGUIMOS SENDO MOI AMIGAS, E É COMO SE, EN SILENCIO, O LIBRO SEGUISE. CANDO QUEDAMOS PARA XANTAR NA SÚA CASA, CANDO BRINDAMOS CON VIÑO, CANDO TEMOS MARABILLOSAS CONVERSAS, OU CANDO NOS ATOPAMOS NOS LUGARES BONITOS DESTA BONITA CIDADE.



ELISA CARRISA *A infancia de Luz foi bonita e difícil. Pasou fame, frío. Súa nai e súa avoa coidaron dela e fixérona nacer á vida con rabia, con afouteza. No seu barrio vivía Elisa Carrisa, unha muller republicana.*

"Elisa Carrisa era unha amiga da nai de Luz. Era unha muller de esquerdas. Protagonizou un suceso emocionante da nenez de Luz. Un acto de rebeldía, cando a rebeldía se pagaba moi cara, ás veces coa morte. Cando non estaba permitido disentir, nin opinar, e moito menos berrar.

Lembra Luz un edificio precioso que había en Castrón D'Ouro. Era unha casa señorial, cunha escalinata de estilo palacete. Na actualidade, sinala Luz con certo pesimismo, "desfíxeron e no seu sitio fixeron apartamentos". E segue contando. Naquel edificio tan fermoso vivía xente do Exército e da Falanxe.

Cando foi o triunfo de Franco, a xente acudiu a aquel lugar facer unha manifestación e cantar o *Cara al sol* e outras cancións que cantaban para celebrar o que acababa de acontecer. "Toda esa carallada" di, rebelde, Luz.

Elisa Carrisa foi onda a nai de Luz e díxolle "Mariniña, ¿imos alí, a ver que din?". "No, Elisa, yo no voy, y tú no debías de ir tampoco, que te conozco" díxolle a nai de Luz. Elisa contestoulle "Mariniña, non digo nada, só vamos mirar e nada máis".

Luz recorda que elas quedaron na casa, que súa a nai non quixo ir "porque lle rebentaba o que alí podía escoitar". Pero Elisa, valente, si que foi. E cando todos, moi exaltados, estaban dicindo "Viva Franco, Arriba España", Elisa berrou "Muera Franco, Viva la República". E Elisa correu, escapou. "Pés de puta, costa abaixo" di Luz, con certa rabia. Rabia de que non houbese liberdade de expresión. De que non se puidese falar libremente, abertamente. Detrás de Elisa ía un falanxista.

Fiando nos recordos, Luz recorda "que ese falanxista despois medio se namorichara de miña nai, pero miña nai non del". Elisa correu e correu. E berrou "¡Mariniña, que me perseguen!".

Eran mulleres moi novas, pero atrevidas e cheas de coraxe"

LAVANDO A VAIXELA. *Eu lavo a vaixela, no meu barrio, Os Basquiños, o barrio da luz e do amor, e acórdome de Luz, e penso nela, na súa vida, que, pouco a pouco, ela me vai contando.*

"Fai un bonito día de sol. Eu lavo a vaixela e escoito a Paco Ibáñez. A gravación do concerto no que estivo Luz Fandiño, no Olimpia de París. Sae a canción 'A galopar, a galopar' e eu penso no amor, no exilio e na estrañeza.

Penso no triste que debe de ser ter que abandonar todo. Eu non quero abandonar a memoria. Non quero abandonar o río das princesas desbuxadas e tristes. Non quero anunciar a morte. Eu quero bailar, coa miña saia rota. Cos meus ollos cansos. Coa miña alegría de nena libre. Teño ganas de ver a Luz. Ás veces chámoo por teléfono para preguntarlle algunhas cousas, e ela sempre me responde con moitísima amabilidade e con moitísima precisión. Como se gardase dentro dela e da súa vida unha historia marabillosa. Unha historia que me fai feliz.

Penso, escoitando a Paco Ibáñez, no fermosa que é a poesía. A poesía éncheme e sálvame. Supoño que dun xeito semellante ao que lle ocorreu e ocorre a Luz Fandiño. Porque parece que na poesía medramos, que inventamos outras realidades. Que podemos voar.

Lavo a vaixela e o sol entra pola ventá da cociña, iluminando todo, iluminándome. Hoxe, despois do aeróbic, quedei con Carlos para saír de noite pola zona vella."

LIBERDADE. *Atopo a Luz nos recitais da cidade, e síntome abraida pola súa actitude ante a poesía e a vida, aprendo moitísimo dela, e mírome nos seus ollos bonitos e nas súas palabras.*

"É xoves, e vou ata a praciña de Fonseca, escoitar os poetas de Mar de Tinta. Escoitar, especialmente, a Luz Fandiño. Luz está moi alegre, realmente parece unha nena, un renacer. Eu tamén estou contenta, e levo unhas zapatillas deportivas que acabo de mercar. Son azuis, moi bonitas, moi modernas, moi azuis. Un azul vivo. Como a vida.

Luz cóntalles a todos, con moito orgullo, que eu estou escribindo unha biografía sobre ela. Eu tamén me sinto feliz. Feliz de que falemos, de que as mulleres falen. Saír da escuridade. Abandonar os precipicios.

Chega o momento de Luz recitar, e ela sae moi decidida. Teño a sensación de que non hai nada que a deteña, nada que pare a súa alegría, a súa forza. Recita varios poemas preciosos. E o máis bonito é a súa forma de recitar. Porque berra moito. Porque sangra. Hai moita denuncia nas súas palabras. Hai moito optimismo na súa presenza, na praciña de Fonseca, recitando, case de noite, ao aire libre. Eu síntome ilusionada, escoitándoa.

Luz remata a súa lectura cunha poderosa palabra, unha palabra inmensa. Que dita por ela é un marabilloso berro. Trátase da palabra "liberdade". A palabra máis bonita que existe. Luz pronuncia a palabra liberdade e eu síntome "libre."

OS XANTARES. *Os xantares, con ela e con Merchiña, son moi alegres. Comemos moito, aínda que engorde, e falamos moito e rimos moito. As nosas sobremesas, tomando café, son maravillosas.*

"Fai sol, moitísimo sol. Eu vou xantar con Luz e Merchiña. Estou conxestionada, dóeme a cabeza e a gorxa. Luz ábreme o portal do seu edificio, e dime "¿quen é?, e eu dígolle o meu nome, e ela dime "non te coñezo". Non teño moitas ganas de rir, pero Luz faime rir.

Mentres esperan

Eu estando con elas ás veces penso que sempre, toda a miña vida, me vou acordar destes momentos. Que son momentos únicos. Que teño que vivilos intensamente. Porque son momentos preciosos. Os nosos xantares, escapándonos do mundo. Divertíndonos. Bailando. Merchiña marcha cedo, ten que ir traballar. Eu quedo con Luz, tomando café, e falando".

O SEÑOR ARES. *En Bos Aires, Luz pasouno moi mal, sentiu moita tristeza e moita impotencia, sentiuse fatalmente explotada. Pero na biblioteca do Centro Galego descubriu a poesía, e recuperou a súa fala e a súa identidade galegas.*

"Aínda se emociona fondamente Luz falando do señor Ares. Unha persoa que para ela significou moitísimo. Significou o seu renacer á poesía e ao nacionalismo. Soubo guiala, axudala a saír da escuridade e da soidade. Soubo espertar nela moitísimo amor pola literatura e por Galicia. Foi para ela como un pai, o pai que ela non tivo, e como un mestre, un mestre marabilloso que lle axudou a amarse a si mesma e amar a vida.

Todo empezou un xoves, o día libre de Luz. Luz achegouse coa súa amiga Marina ao Centro Galego, situado na avenida Rivadavia, unha das rúas máis longas de Bos Aires. No Centro Galego os seus socios tiñan dereito a asistencia médica. Marina ía ese día por unhas medicinas para as súas nenas. Entraron, e Luz o primeiro no que reparou foi nun libro aberto cunha poesía, que estaba nunha vitrina.

Luz, que tiña moitísima fame de ler, leu aquela poesía e botouse a chorar. Sentiu como un shok, como se se lle parase o corazón naquel momento fundamental da súa vida. O poema era "O carro galego" de Ramón Cabanillas, e dicía:

*Lévame meu carro lévame
pola meiga terra nosa
que a miña alma saudosa
lonxe dela non se afai.
Non me leves a Castela
que non quero nada dela
xa que arrenegou de nós*

Luz Fandiño, lendo aquela poesía, sentiu algo moi fondo dentro dela.

Luz emocionouse moito, e díxolle a Marina "ai Mariniña, como me gustaría ter este libro", e Marina díxolle que entrase a preguntar, que ao mellor vendíanllo. Luz entrou na biblioteca, ela que nunca na súa vida vira unha biblioteca, e con moita covardía preguntoulle ao bibliotecario se alí vendían o libro daquela poesía. O bibliotecario, moi amable, díxolle que non, pero que se se facía socia do Centro Galego podía ir alí ler todo o que quixera, sempre que quixera.

Aquilo a Luz sooulle a campañas de gloria. Pensar que ela podía ter acceso a unha biblioteca, a ler libros. Era como un soño. Un soño que se facía realidade. E o

bibliotecario, que tan ben e con tanta humildade a tratou dende o primeiro momento, era o señor Ares.

Luz viu, ese primeiro día, un retrato sobre a porta da biblioteca no que aparecía un home que talmente parecía o señor Ares. E díxolle a Marina que moi importante debía ser aquel home para ter un retrato colgado na parede do Centro Galego. "Ao mellor é o fundador" dixo Marina. Resultou que aquel home tan importante que aparecía no retrato era Castelao, ao que o señor Ares se parecía moito.

A partir de entón, Luz ía sempre á biblioteca do Centro Galego as tardes dos xoves. A aprender. A desfrutar. A ler. Primeiro leu a Rosalía, despois a Curros, despois a Pondal, despois a Castelao. Ela non sabía estar na biblioteca, porque se emocionaba coa lectura, vibraba, vivía o que lía, choraba, ría. Era marabilloso. O señor Ares íalle falando, explicándolle que Galicia era unha nación, que o galego non era un dialecto, senón un idioma. E xuntos, ían vivindo unha historia feliz e emocionante.

Cando Luz descubriu a Rosalía de Castro sentiuse fortemente identificada coa súa poesía triste, dura. Mesmo, antes de que o señor Ares llo aclarase, Luz pensou que Rosalía estivera emigrada nas Américas. E lendo a Rosalía a Luz entráronlle ganas de escribir poesía, en galego. E díxollo ao señor

Ares, e o señor Ares animouna. Díxolle que escribise, que despois el coa axuda dun dicionario iríalle corrixindo os poemas.

Luz empezou a escribir, e foi iso e ningunha outra cousa o que a sostivo a partir de entón na emigración, e en xeral na vida. Escribir segue sendo agora o que aguanta de Luz, o que a sostén, o que a fai estar tan activa, tan viva".

CASAL, O MOZO QUE BAILABA. *Bailaba tan ben Casal, que Luz namorouse dél, en Bos Aires. Sería un amor moi verdadeiro e moi durareiro, aínda*





que na vida amorosa de Luz houbo luces e sombras, risas e choros, porque o amor é bonito pero difícil, é alegría pero tamén é fracaso.

"Casal era un mozo que bailaba. Casal foi o mozo do que Luz se namorou. Sentindo que o amor é todo, que todo está cheo de amor. Que é bonito amar, que é bonito bailar. Porque no amor atopamos todas as respostas para as nosas preguntas. No amor volvémonos máis libres, máis guapas, máis felices. Amando, podemos voar. Voamos.

Un día estaba Luz na biblioteca do Centro Galego, e viñeron uns mozos falar co señor Ares. Un deles fixouse en Luz Fandiño e faloulle dun coro que tiñan, no que ela podía entrar a cantar. Ela aceptou encantada. Ela tiña fame de galeguidade. Faría o que fose con tal de poder vivir en galego.

Luz entrou no coro. O primeiro día presentáronlle a moita xente, entre eles a Casal. Casal era o profesor de baile. "¡Bailaba! ¡Como bailaba!" di Luz toda emocionada, e recoñece que en certo modo namorouse del véndoo bailar. Do ben que bailaba, ela namorouse.

Tamén lle gustou del a súa enorme sinxeleza e humildade, a pesar de ter unha extraordinaria cultura e unha grandiosidade intelectual. Outra cousa pola que Luz se namorou del foi polo seu galeguismo, o seu nacionalismo. O seu grandísimo amor a Galicia. A el fixérao nacionalista Neira Vilas.

El era de Lestrove. Estaba emigrado en Bos Aires, con toda a súa familia. Sentíase moi galego. Estaba integrado na vida arxentina, mesmo era empregado da banca, pero o seu galeguismo estaba por enriba de todo. Igual que lle pasaba a Luz. E iso uniunos moito.

Luz sentíase feliz cantando no coro. Era como se, durante o tempo que estaba alí, vivise na terra galega. Cando tiña que ir para a casa sentía moitísima tristeza, moitísima soidade, moitísimo desarraigo. Ás veces Casal facía o posible por acompañala, e ían xuntos.

"¿Casal era guapo?" preguntolle. Ela, con moitísimo amor, dime que "non, non era guapo", pero "eu namoreime da súa beleza interior". Realmente, aínda agora, fala como unha auténtica muller namorada. E preguntolle tamén "¿e ti, ti víaste guapa?". Ela dime que tiña moitos complexos, e que non concibía que ninguén puidese fixarse nela.

Pasaban moito tempo xuntos. Falaban moito. Intercambiaban libros. Cantaban o himno nacionalista de Brañas. El sentíase atraído por ela, e ela por el. Despois das clases, ían xuntos tomar un café."

MADAME BOUL. *En París Luz vivei a Revolución do 68, que a marcou moito. Mergullouse, de forma apaixonada, no idioma e na cultura francesas. E aprendeu o valor da súa liberdade. Tivo unha patrona, Madame Boul, que lle axudou moito.*

"Luz Fandiño tivo en París outras patroas fachas e explotadoras. Pero tivo, durante os primeiros oito anos, unha patroa marabillosa. Chamábanlle madame Boul, polo apelido do seu marido. O seu verdadeiro nome era Danielle Leboudeure. Con esa muller viviu Luz en París, 16, fronte á torre Eiffel. Con esa muller Luz Fandiño sentiuse viva, libre e grande.

Luz, nesa casa, tiña un cuarto para ela. Para ler. Para escribir. Durmía poucas horas e lía moito. Sentíase ben, e aprendía a ser dona de si mesma, e aprendía o valor da súa propia liberdade. "Deume a vida esta muller" di Luz, referíndose a madame Boul. E dío Luz cunha voz alegre, transparente, liberadora. ¡Sempre é tan bonita a liberdade! ¡Bailar! ¡Poder bailar! Ler e escribir, e ter un cuarto propio, como dicía Virginia Wolf.

Os domingos a Luz Fandiño encantáballe ir bordeando todo o Sena, ata o museo de Louvre, Sante Chapelle. E moi preto de Notre Dame vendían libros de segunda man. "Eran baratísimos" di Luz. E o primeiro mes non, pero o segundo mes, Luz xa ía mercar libros. "¿En francés?" preguntolle. "En francés, por suposto", respóndeme Luz.

O primeiro libro de poesía en francés que Luz leu en Francia foi *Les yeux d'Elsa*, de Luis Aragón. Un libro de amor. Luz vira o poeta Luis Aragón e á súa compañeira Elsa, tamén escritora, nunha reportaxe na televisión —no seu cuarto propio Luz tiña televisión.

Nesa reportaxe preguntáronlles a Luis Aragón e a Elsa "¿por que con 38 anos que levaban xuntos non casaban?". Eles contestaron que o amor ningún papel llelo ía dar. Que eles tiñan amor e non necesitaban asinar ningún papel. Que o único que querían era que á morte dos dous uniran a obra del e a obra dela.

Tamén Luz descubriu e leu a Victor Hugo, a Rimbaud, a Baudelaire —Baudelaire encantoulle.

"O MEU BLOG. *Eu escribo o meu blog, que non o escribo en Internet, que o escribo na miña casa alegre e azul dos Basquiños. No meu blog aparece a miña vida, a miña cidade, os meus amigos.*

Porque Luz móveme a amar e vivir.

"Esperto cedo, ás 8.30 da mañá, e o día está moi escuro. Pola noite choveu con moita forza, e aínda que estamos en agosto parecía inverno, era unha bonita sensación. Vístome e vou ao 13 tomar dous cafés e ler os xornais, que son tristes e aburridos, como sempre. Despois veño para a miña casa, o meu recunchiño, e mentres chove en Santiago, eu escoito, por primeira vez, a Sinfonía nº 5 de Gustav Mahler. É unha marabilla. Gústame tanto, que o meu espírito elévase moitísimo e hai un momento en que me boto a chorar. Choro de emoción, de felicidade.

Onte pola noite subiu Manolo regar as súas plantas e tomar unha infusión de framboesa comigo. Conteille que me está empezando a gustar moito a música clásica, a min que nunca me gustou. Dígolle que sempre me pareceu que eu non era suficientemente culta para entender a música clásica e desfrutar con ela. Cando el chegou eu estaba escoitando a Beethoven e gustábame moito e sentíame feliz, elegante. Manolo dime que non se trata de entender nada, que simplemente hai que sentir, escoitar, que a música clásica é moi bonita. E baixa á súa casa, ao segundo, e súbeme unha morea de discos seus de música clásica para que eu os escoite. Eu sintome feliz cando o vexo chegar cheo de discos, sinto que é como un bonito agasallo que el me fai. Tráeme a Mozart, a Vivaldi, a Mahler, a Bach, a Tchaikovski, a Chopin, a Haendel, e moitos máis, e unha colección de ópera.

Santiago, cando chove, é bonito, aínda que sexa en agosto. Hoxe vou xantar con Luz Fandiño, e faime ilusión. Hai moitos turistas nas rúas, demasiados, parece unha invasión. Alegran a cidade, pero tamén parece que nos rouban algo que é noso, o noso silencio, o silencio da cidade, as nosas palabras. Paro no Rúa Nova a tomar unha auga. É un sitio que me gusta moito, cos seus alegres camareiros, e sempre con cadros nas paredes. No Rúa Nova sempre me sinto ben. Collo o xornal Galicia Hoxe e leo o artigo de hoxe de Fran P. Lorenzo. Fala da cidade da Coruña, e en xeral dos lugares da vida e dos lugares do amor. É un artigo, como sempre, moi bonito.

Chego á casa de Luz, ao seu recunchiño alegre. Ela agárdame, moi alegre, como sempre. Séntome, e mentres ela acaba de preparar os aperitivos, eu leo uns poemas seus que ela me deixa. Son poemas de vida, revolución e amor."

O REGRESO A GALICIA. *Luz regresou, por primeira vez, a Galicia, no ano 64, foi unha viaxe bonita, emocionante. Aínda que Galicia, cando Luz regresou definitivamente no ano 79, acolleuna como a unha estranxeira. Ela amaba, e ama, moito a súa*

Terra, e dende entón vive en Compostela, na súa casa, o seu recunchiño animado de vida e cores.

"Luz por fin volveu a Galicia, despois de 13 anos fóra. Foi en xullo do ano 1964. Luz, coa súa irmá, colleu en Francia o tren que as traería a Galicia.

As oito noites antes de emprender esa viaxe Luz non durmiu absolutamente nada, nerviosa como estaba. Parecía que lle ía estoupar o corazón, coa emoción de poder volver ao que nunca deixara de amar profundamente, esa Galicia verde e profunda da súa infancia.

A viaxe en tren foi penosa. Elas pediran vir en primeira, e con reserva. Pero tiveron que vir en terceira, e de pé. Aquel tren viña cheo de emigrantes. Era unha imaxe dolorosa, horrible. Todos polos corredores do tren, sentados nas maletas ou onde podían. Era a terrible imaxe desa ferida terrible que é a emigración, esa ferida que nos arrinca, para sempre, a vida que levamos dentro de nós.

Luz traía a alma nun puño. E cando entrou polo norte de España, cando pasou por Euscadi, alegráronse os ollos. Chegando a Galicia a impresión foi para ela fortísima. "Estamos xa en Galicia, ¿non?", preguntoulle á súa irmá. E súa irmá díxolle "si, ¿cómo te diste cuenta?". Ela non o sabía, pero recoñeceu de inmediato a súa terra. E parecíalle imposible volver a estar nela. ¡Foran tantos anos soñando con aquel momento! Galicia, de novo, pareceulle moi bonita, o lugar máis fermoso do mundo.

Chegando á estación de Curtis, deixaron o tren, e colleron o autobús para Santiago. Ese traxecto foi moi bonito e emocionante para Luz. A voz encólleselle cando me quere contar o que ela sentía, vendo, e escoitando a xente da súa terra, que falaba en galego, dunha forma natural, viva. E vendo os hórreos, os campos... Non existen palabras para explicar aqueles sentimentos. Coas palabras non sería suficiente. "Gari, pellízcame o brazo" díxolle á súa irmá. A súa irmá preguntoulle "¿y por qué?". Luz respondeulle, moi emocionada, "é que me dá a sensación de que estou durmindo, que estou soñando". A irmá de Luz, insensible, díxolle "pellízcate tú".

En Santiago recibíunas unha sobriña da súa avoa —curmá da súa nai—, cos seus fillos, a súa familia. Días antes estableceran contacto por teléfono, e aquela muller de Santiago díxolles "¿que queredes de comer?". E Luz, sen dubidalo, exclamou: "¡caldo!". Aquela muller dixo "¡pero coa calor que fai!". Luz volveu exclamar, vivamente: "¡caldo!".

E comeron caldo e cocido e empanada, e foi todo unha regalía para os ollos e para o corazón. As rúas de Compostela parecíanlle un soño a Luz. Andaba feliz Luz por Compostela. E foi, moi contenta, comer os churros á feira.



OS POEMAS DE LUZ FANDIÑO. *Luz escribe poemas a todas horas, todos os días. Ela é poeta auténtica, para ela escribir é desafogo, terapia. Os seus poemas son moi profundos, moi sentidos, moi fermosos. Luz non publica nas editoriais, publica na vida, fai autoedicións dos seus propios libros.*

Vivo, vibro
e bebo
na emoción
da vosa sensibilidade,
e na firmeza
do voso pensamento
que aínda o poder
non foi capaz de poñer
un prezo,
vós sodes o meu norde,
sodes, amigas e amigos,
moito máis que todo iso,
sodes o osíxeno que renova
os meus pulmóns, sodes
a forza vital dos meus versos,
soñeivos e busqueivos
no exilio dos esfameados,
ós que pensar e falar,
éralles privado,
ós que teñen menos prezo
que o gando,
soñeivos no sangante
silencio dos emigrados,
hoxe trema a miña man
recibindo da vida tal agasallo,
crébanseme as palabras,
cando de vós falo,
regalo por inesperado máis querido
máis amado.
Sodes a pentagrama
de notas balsámicas
que sandan as feridas
desta mente atormentada.

Quero voar,
nas azas
da fantasía,
perciso saber
que non están mortas
as sementes
das fermosas
e prometedoras
utopías,
sentir o latexo
das areladas
liberdades, nas
douradas espigas.

Que chova
Que chova
Que a auga
Para a terra
É moi boa
Díxomo miña nai,
Díxomo miña aboa.
Que chova
Que orballe
Que medren
As frores
Que os paxaros canten
Enriba dos caciques
Enriba dos ladróns.



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e Soedade Noia. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Correo:
mare@galicia-hoxe.com

14 / ABRIL DO 2005 - NÚMERO 561

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



BARCOS DE XEO



Os galegos na pesca do bacallau en Terranova

Barcosdexeo

A reportaxe fotográfica que hoxe presentamos en Revista das Letras forma parte da exposición que estes días se exhibe no Museo do Pobo Galego e que recolle o traballo persistente e profesional do fotógrafo Lucien Girardin-Dagort. O autor móstranos a forza e lembranza que a fotografía ten en si mesma e, ao mesmo tempo, revive o ambiente no que se desenvolveu a pesca industrial do bacallau por parte dunha frota formada maioritariamente por galegos. Xunto ás fotografías de Girardin, incluimos un texto da antropóloga Rosa García-Orellán que, con este texto, foi precisamente a encargada de abrir o ciclo de conferencias do museo sobre a exposición.



Na portada, o *Amelia Meirama* da Coruña en 1971. Na páxina 2, mariñeiro do barco galego *Argonte* (1972). Nesta páxina, o pesqueiro *Virxe da Barca* (arriba) e dous dos seus mariñeiros (1972). Na páxina 4, arriba vista de Saint-Pierre (1972) Abaixo, mariñeiros do *Amelia Meirama* (1975). Na páxina 5, icebergs na baía de Saint-Pierre. Na páxina 6, os pesqueiros *Virxe de Lodairo* e *Virxe da Barca*. Na páxina 7, arriba o *Virxe da Barca* e *Virxe de Lodairo*. No centro, o *Mar de Galicia* xunto ao *Mar do Coral* (1975). Abaixo, os mariñeiros do *Mar de Galicia*. Á dereita, tumba no cemiterio de Saint-Pierre de José Torrecilla, morto nos Bancos de Terranova en 1929.

No mes de xuño do ano 2002, coñezo o autor en Saint Pierre et Miquelon, debido a que eu estou no arquipélago facendo a miña investigación sobre a pesca do bacallau en Terranova. Lucien, móstrame a súa exposición e decidimos cooperar na publicación do libro *Barcos do Xeo* e do mesmo modo en traer a exposición a España.

O autor móstranos a forza e lembranza que a fotografía ten en si mesma, quen vai tentar facernos revivir no posible o ambiente no que se desenvolveu a pesca industrial do bacallau por parte da frota que saía dos portos Dá Coruña, Vigo e Pasaxes, e o clima no que os seus protagonistas viviron .

Saint Pierre constitúe un punto de referencia moi importante para a frota bacalladeira española, desde o inicio da pesca industrial do bacallau no ano

1926, momento no que comezan a pescar os grandes bous da PYSBE. Estes eran nun principio barcos de vapor e entraban ocasionalmente neste porto. Unha mostra diso é a primeira tumba dun mariño español que temos en St. Pierre e que data de 1929, como o mostramos nesta exposición fotográfica. Non obstante, estes grandes bous que se incrementarán coas compañías de Pebsa e Copyba teñen normalmente a súa base no porto de Saint John's, e eles serán os grandes protagonistas da nosa frota en Terranova ata a chegada das parellas en 1950 que paulatinamente tomarán definitivamente a súa remuda a finais dos anos mil novecentos sesenta.

As condicións climáticas en Terranova foron difíciles debido ós longos invernos que se estendían desde decembro ata maio, con grandes nevadas, o que facía que tivesen que retirar o xeo das cubertas para non facer perigar a seguridade do barco. Esta exposición móstranos á chegada dos barcos a porto durante os meses de inverno, o que nos permite achegarnos a esta realidade que xa a viviron a grandes bous, estes barcos de ferro que tiñan a proa reforzada, que ademais os meses de inverno pescaban entre xeos, exceptuando a época de bonanza pesqueira que seguiu á segunda guerra mundial.

Esta bonanza deuse non soamente nos Grandes Bancos de Terranova senón tamén nos bancos pescadeiros do Mar do Norte onde ían pescar as parella que eran barcos xeralmente de madeira, cunha capacidade conxunta entre 200 e 300 toneladas e de menos de 30 metros de eslora. A abundante concorrencia das frotas europeas nestes caladoiros, fai que proben a cruzar o Atlántico en busca de bacallau, que nas súas primeiras mareas o traían con xeo, pero era tan abundante a pesca que en poucos días cargaban e regresaban ós seus portos base. Así

estes barcos pescadeiras nos inicios dos anos 1950 saíndo do porto de Vigo, *Irlanda* e *Rochelle*, íanse probar ós Grandes Bancos de Terranova, pola súa parte de Pasaxes tamén sae a parella *Rande* e *Rodeira*, sendo esta parella a primeira consignación que se rexistra en Saint Pierre ambos os dous barcos tiñan unha capacidade de carga conxunta de 300 toneladas.

No ano 1950 o Sr. Dagort instala en St. Pierre o primeiro depósito de gasoil. A idea xéstase en Halifax e será un capitán español da Pysbe, quen anime ó Sr. Dagort a realizar estas xestións. Iso supón o inicio do despegamento dunha importante infraestrutura portuaria, o que prepara a que será posteriormente

chegada masiva das parellas bacalladeiras, que sitúan este porto como o principal porto base das mesmas. Neste momento St Pierre et Miquelon era un territorio francés que acaba de saír, pódese dicir, da II Guerra Mundial. Vivía da pesca e sobre todo das axudas sociais de París. A infraestrutura médica era escasa, cunha poboación de algo máis de cinco mil habitantes, había só dous médicos e un hospital, así como unha farmacia que se abría ó público unha hora ó día. Os médicos procedían do mundo militar.

O feito de que as parellas tomasen como base o porto de Saint Pierre non foi porque ós mariñeiros lles fose mellor ou peor. A decisión foi exclusivamente dos armadores, e debeuse a unha serie de circunstancias cuxo denominador común foi o prezo dos servizos para utilizar.



Desde estes inicios vaise xestar paulatinamente unha gran relación comercial e humana entre a frota parelleira galega e vasca con Saint Pierre et Miquelon, establecéndose fortes lazos de amizade entre ambos os dous grupos humanos, facilitados polas semellanzas de lingua e cultura. A abundancia de peixe desta época facía que entrasen en porto estes barcos coa liña de flotación moi baixa, mesmo chegando a auga ata a maquinilla (Dagort:2002).

Durante esta década, os barcos, chegan a

finais de xaneiro e regresan ó seu porto base no mes de decembro. Xa que teñen a Saint Pierre como porto base durante todo o ano e alí descargan o bacallau ós mercantes que traen o bacallau ós portos bases de Pasaxes, Vigo, Ribeira. Estamos con barcos de pouca tonelaxe e os meses de inverno non necesitan ir pescar entre xeos, senón que pescan en praias de pouco fondo, tal e como o facía nesta época a frota de litoral de Terranova, ben cos seus barcos de arrastre de pouca tonelaxe ou cos seus doris. Hai que ter en conta que en Terranova existe unha liña xeográfica máis ou menos divisoria que arrinca de Saint John's. Para o sur non se forman ordinariamente grandes bancadas de xeo no mar, pero si se forman desde aí para o norte. Para a frota pesqueira

local isto supuxo moitas veces non poder saír a traballar. Tampouco se desenvolveu alí unha frota pesqueira que conte coa axuda dos buques crebraxeos nacionais. Isto é algo que o incorporarán os rusos á súa frota pesqueira sobre todo na década dos anos 1960.

Nestes anos cincuenta, Saint Pierre é un lugar de traballo. Mesmo os mariñeiros andan pola vila e acoden ós bares coa mesma roupa coa que estaban a traballar. Os habitantes de Saint Pierre, fálannos dos mariñeiros españois dicíndonos como saían dos barcos cos seus grandes fletáns levados

sobre lombo, e que xeralmente os regalaban ou cambiaban por algún servizo, como o lavar a roupa.

Tamén temos relatos de mozos en que eles mesmos ían ós regatos lavar a súa roupa.

Desenvólvese unha grande actividade portuaria que inclúe: consumos, víveres, reparacións de todo tipo, asistencia médica, etc. Así como a propia actividade persoal xerada polos mariñeiros que chegan a porto.

Ó recoller datos en Saint Pierre no ano 2002, os máis vellos dicíanme, que para eles, a chegada dos barcos españois lles fixo descubrir o aceite de oliva,





cuxo olor lles resultaba moi desagradable ó principio cando cociñaban nos barcos, pero non tardarán en aprender a cociña destes homes.

Pódese considerar toda a década dos anos cincuenta cunha asistencia moderada de frota española parelleira nos Grandes Bancos. Ademais eran barcos aínda de pouca capacidade, que se quedaron pronto obsoletos.

Temos un testemuño dun contramestre de Corrubedo quen nos sinala como "no ano 1952, no primeiro lance que fixeron lles veu tanto peixe que non foron capaces de meter o aparello a bordo, e marchou todo o peixe. Comezou a nevar con moita forza e o barco comezou a facer balanceos perigosos, tendo que facer remuda os tripulantes para picar o xeo, e así durante sete días, unicamente picando e sen poder pescar, aquilo parecía o inferno". E estes homes non están a traballar entre as bancadas de xeo, aquí aínda o perigo incrementa como veremos máis adiante.

Respecto ós víveres, estes barcos aínda non levan cámaras frigoríficas para conservar os alimentos, os alimentos frescos só poden durar uns poucos días, por iso cando chegaban a terra temos os documentos da Alfándega, nos que se metían moi poucos víveres de alimentos frescos, e a carne que se consumía era salgada. A iso temos que engadir que carecían de desalgadoras, co cal a auga ía en tanques e era moi restrinxida, en Saint Pierre abastecían tamén de auga. Nesta época nas parellas pequenas o habitual era levar nove toneladas de auga para dezanove persoas. Con iso había que cociñar, lavarse e facer todo. Non se podían lavar diariamente, o que si tiñan asegurado era "o aseo" coa auga de mar. A norma máis xeneralizada nos barcos era a do cubo de auga para todo o rancho, co cal só chegaba para lavar a cara.

Na década dos anos mil novecentos sesenta, ábrese unha nova etapa, os barcos xa deixan de facer as descargas ó mercante, polo tanto non están alí todo o ano, senón que o habitual é facer tres campañas ó ano pero descargando en Ribeira, Coruña, Vigo ou Pasaxes. Aumenta considerablemente a capacidade dos barcos, renóvase a frota e comezan a pescar durante o inverno entre xeos.

A inicios dos anos 1960 prodúcese xa o gran boom da presenza masiva de parellas galegas e vascas neste porto. É tal a afluencia de barcos que iso vai xerar a necesidade de creación de diferentes servizos: asistencia técnica de todo tipo para os barcos, asistencia sanitaria e humana. Mentres, se está xestando esta infraestrutura, son os propios habitantes de Saint Pierre, que no seu conxunto mostran unha grande hospitalidade e cobren as carencias que xorden ante tanta afluencia humana para poder responder ás necesidades que están a chegar. Mostras concretas diso son as pensións que atenden os mariños convalecentes aloxados nelas. Os testemuños recollidos lembran, por exemplo, con agarimo a pensión

de "A Francisca" (Mlle. Françoise Ruellan), Alicia que era considerada a nai dos mariñeiros..., A Chata, que sendo nena comía nos barcos e coidábana entre todos, medrou entre eles, e no 2002 cando falei con ela, ademais do francés tamén falaba en galego. Existe unha ampla lista de persoas e servizos que teñen unha gran relación cos mariñeiros, tendas, bares, discotecas, familias particulares. Esa personalidade acolledora e humana dos santpierreses penetra nestes homes de mar quen lembran nos seus portos de orixe a peculiaridade de Saint Pierre, e así a seguinte xeración que se incorpora na seguinte década, seguindo as súas propias palabras, recoñecen que se socializaron para eles no "mito de Saint Pierre".

Na década dos sesenta, a estanza en Saint Pierre é máis de lecer que de traballo, para eles é importante mercar algo para a casa, pero tamén ir a divertirse ós xa míticos lugares como O Estrela, o Jonville, entre outros. Tanto a poboación, que non é moi numerosa, como o espazo físico resulta moi abordable. Hai que ter en conta que o 90% das tripulacións nos barcos tanto galegos como vascos proviñan de zonas rurais e pesqueiras das Rías Baixas. Para esta xeración de homes, Saint Pierre adquire unha forza simbólica importante, e consolídanse lazos de amizade entre os mariñeiros e os habitantes. Arrinca esta década e os barcos levaban as medicinas que o patrón boamente xulgaba suficiente. No mar consultaban, cando podían, co persoal médico dos bous, en especial cos médicos de Pysbe. A partir de 1964 prodúcese un drástico cambio ó enviar o Instituto Social da Mariña médicos españois a Saint Pierre, mesmo se consegue a creación do dispensario español, –que vai durar 24 anos, ata o seu peche en 1998– sendo propulsor del o doutor Alarcos. Este labor de servizos médicos e persoal sanitario vai supor un enorme avance cara á problemática sanitaria existente nos barcos. A asistencia médica e social verase moi facilitada polos organismos oficiais do arquipélago quen colaboran activamente con este servizo: Hospital de Saint Pierre moi unido ó dispensario, a actual R.F.OU. (Radio France Ultramar), Saint Pierre Radio Marítima etc. O vicecónsul honorario de España en Saint Pierre, Mr. Dagort que atende con gran dedicación as necesidades humanas xurdidas na frota durante todo o período de presenza da frota española.

Pero non soamente se fará un importante labor sanitario desde Saint Pierre, senón que tamén foi un centro importante no eido reivindicativo, todo se coordinábase desde o Stella Maris, que ademais editaba a Platuxa, que era distribuída a todos os barcos o que permitía facer circular a información para chegar a acordos comúns coordinando deste modo as condicións salariais, onde se negocian os días de descanso, se evita pasar os nadais no mar, e temos os documentos onde testemuñan como desde Saint Pierre se conseguiron moitas melloras salariais.

A frota que ten base estable en Saint Pierre chegará a ser duns

cento cincuenta barcos distintos nun mesmo ano que veñen a miúdo a repoñer a porto. Esta presenza será espectacular en época de ciclóns, onde nun só día chegaron a estar atracados en porto máis de setenta barcos, cunha cifra superior ós mil quíntos homes.

Nesta década, estes barcos comezan a renovarse, substitúense os barcos de madeira polos de ferro que xa veñen con proas reforzadas, con maior capacidade de carga e teñen que traballar entre xeos durante os longos meses de inverno. Tamén dispoñen de radar que se ben será un grande alivio para traballar nos meses de xuño e xullo que é cando hai grandes néboas, non obstante o radar nos xeos, se ben os icebergs son detectados doadamente, pero non así os growlers que son moito máis pequenos e ás veces o barco pode chocar contra eles. Respecto dos icebergs son grandes moles de xeo. Veñen tras un percorrido lento e longo desde os glaciares do norte. En ocasións son verdadeiras montañas flotantes.

Desde decembro ata marzo, as parellas de tonelaxe xa importante acostumaban pescar no Cantil 47, hai xeos nas latitudes máis altas das praias onde traballan, aquí temos as bancadas de xeo que se desprazan lentamente ó longo do Gran Banco en dirección sur, verdadeiras barreiras de xeo que poden formar unha inmensa superficie que ocupa toda a vista do mar en calquera dirección. Son zonas nas que hai bacallau nestes meses. Fóra dos xeos non hai suficiente peixe como para cargar barcos dunha tonelaxe xa importante, e por iso é imprescindible traballar entre eles. O perigo máis común é quedarse atrapado e sufrir ademais unha enorme presión que pode facer perigar a seguridade do barco. Nas parellas o primeiro barco abre a estela do segundo barco. Na época dos xeos había que ir desde o sur para o norte, buscando unha calva—un espazo entre os xeos—, onde poder largar. Isto supuña un gran esforzo sobre todo para o primeiro barco, debido ós continuos golpes que recibía cos xeos. En abril, pescaban en Labrador e se era necesario subían a Grenlandia.

Outro dos problemas de traballar entre xeos nestes barcos de cuberta aberta é cando se rompe a rede que é difícil reparala porque está conxelada e teñen que botarlle auga quente para a desconxelar e poder traballar. Se ben nesta década, comezan a pechar en parte as cubertas dos barcos, non obstante seguíase traballando o peixe nas cubertas abertas, expostos os longos meses de inverno ó frío e ás conxelacións sobre todo dos dedos das mans e dos pés, e se ben traballan con luvas, segundo os mariñeiros rompían nada máis comezar a traballar.

Tamén era costume que tomasen café con cana para aguantar o frío, pero iso provocáballes unha falsa euforia, segundo testemuños do Dr. Alarcos que recollo no ano 2003, no seu domicilio de Pto de Santamaría en Cádiz, sinalaba: "Tocoume amputar varios dedos, pero eles mesmos, traballando sen querer, amputábanse algún

dedo e era debido ás conxelacións. Non sentían a man dentro da luva, ían traballando ata que lles esvaraba o peixe da man. Entón quitaban as luvas e igual lles faltaba algún dedo, pero non se decataram e aquilo non sangraba porque estaba conxelado. Tamén me chegaban mariñeiros con dedos gangrenados, se a gangrena era seca amputábase o dedo, se era húmida, é dicir, co dedo negro, cos antibióticos podíase solucionar".

Comeza unha nova década a dos anos mil novecentos setenta, aquí, xa se incorpora unha xeración na que na súa nenez escoitan ós seus maiores falar sobre Terranova. Teño recollido testemuños como este, que comezou sendo mariñeiro e era de Pobra de Caramiñal: "Unha ilusión moi grande por coñecer persoalmente aquel mundo que eu coñecía de tanto oír falar no meu contorno social e familiar, puramente mariñeiro, de pescador de Terranova, e parecía que se non coñecía aquilo que che faltaba algo. Todo era como unha especie de carreira. E isto, pois, naturalmente induce a "ir a Terranova", por inercia e porque era practicamente o normal. E así naquela primeira experiencia, co autobús que saía de Galicia, da Rías Baixas, e ía recollendo tripulantes, levábbanos alí a todos, iamos cos sacos da mili, para pasar campañas de cinco, seis ou sete meses".(José Manuel Muñiz: 2003)



Este mozo, ó chegar a Saint Pierre descobre que a anterior xeración todo o magnificara, non obstante séntense como na casa. Esta situación pouco a pouco irá cambiando a partir de 1977 coa implantación das duascenas millas mariñas, xa que os barcos terán dificultades para entrar en porto debido, nalgúns casos, a que son fotografados no mar polas patrulleiras canadenses. A medida que transcorren os anos ata a moratoria de 1992, diminúe drasticamente a frota.

A dureza da separación das súas familia, as condicións de traballo, son compensadas, seguindo os testemuños dos propios mariñeiros, por todo o conxunto do que é en si St. Pierre, o carácter das súas xentes, a súa hospitalidade, o que fai que se vaia articulando unha auténtica simbiose cultural que se vai ir desenvolvendo a partir dos primeiros contactos ata o declive dos bacallaeiros españois que se produce a finais dos anos mil novecentos oitenta.

Os longos meses de inverno que se producen nestas costas fai que os mariñeiros tivesen que traballar a miúdo "picando" xeo para preservar a seguridade do barco. Pero Saint Pierre coa súa calor humana soubo compensar esta dureza, que é recollida na xa famosa frase tan repetida polos mariñeiros "en Saint Pierre estamos como na casa". E agradecemoslle a Lucien Girardin Dagort que sendo saintpierres recollese pacientemente este testemuño humano e nos permita recrearnos neste episodio da pesca do bacallau nos Grandes Bancos de Terranova, onde Saint Pierre forma xa parte da memoria histórica do noso pobo.

Rosa García Orellán





Lucien Girardin-Dagort (Saint-Pierre, 1949) descubriu a fotografía a finais dos anos sesenta e desde entón, percorreu o seu arquipélago natal cunha mirada escrupulosa. A calidade da súa mirada, que penetra máis alá da aparencia, revela deste xeito a riqueza poética do seu universo, facendo del un dos testemuños das illas.





Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e Soedade Noia. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Correo:
mare@galicia-hoxe.com

$$\frac{E}{c^2} = M$$

$$M = \frac{E}{c^2}.$$


com o Satz der Äquivalenz
das E ist mit
üblichen Definitionen
und Wahl der letzteren
wird (statt dessen

$$E = M c^2.$$

"Son un viaxeiro solitario, e os ideais que iluminaron o meu camiño e me proporcionaron unha e outra vez valor para afrontar a vida foron: a beleza, a bondade e a verdade". Esa é unha das definicións que Albert Einstein fixo de si mesmo e do seu traballo. Nun momento no que o Papa ortodoxo Joseph Ratzinger, saído das trincheiras católicas máis conservadoras, comeza o seu pontificado cun chamamento para acabar "a ditadura do relativismo", o mundo celebra precisamente o centenario da teoría da relatividade, que Einstein formulou no seu "ano marabilloso" de 1905. Desde entón, nada no mundo é xa igual porque, entre outras revelacións, Einstein descubriunos que a verdade é sempre relativa, que o tempo non é uniforme, que o universo é finito pero ilimitado e

Einstein, no nome da ciencia

que a velocidade da luz é unha propiedade fundamental da natureza: cando acadamos esa velocidade (300.000 quilómetros por segundo), o tempo detense. A súa célebre fórmula ($E=mc^2$) supuxo a base do desenvolvemento da física nas últimas décadas, tanto para desentrañar os segredos do universo como para construír unha das máis mortíferas armas da humanidade: a bomba atómica e a enerxía nuclear. O monográfico que hoxe lle dedicamos a Einstein reproduce a intervención televisiva que realizou en 1950 para protestar contra a carreira armamentística de Estados Unidos e a Unión Soviética. O monográfico tamén recolle boa parte dun traballo do historiador da ciencia Richard Galison, incluído no libro de Tusquets "Fórmulas elegantes", coordinado por Graham Farmelo.





O 20 de febreiro de 1950, Albert Einstein faloulles ós televidentes en Estados Unidos sobre o perigo das armas nucleares. Desde a súa oficina na Universidade de Princeton, o científico advertiu sobre os riscos da carreira armamentista entre Estados Unidos e a daquela Unión Soviética.

Hai forma de fuxir de **nós mesmos?**

A idea de lograr a seguridade a través dos armamentos é, dado o estado actual da tecnoloxía militar, non máis que unha desastrosa ilusión.

A carreira armamentista entre Estados Unidos e a Unión Soviética, proposta orixinalmente como unha medida preventiva, asume xa un carácter "histórico".

En ambas as dúas partes, os medios de destrución masiva están a ser perfeccionados cunha febril présa, tras un muro de secretismo. A bomba de hidróxeno parece agora unha posibilidade real. O seu desenvolvemento acelerado foi proclamado solemnemente polo presidente. Se se se torna real, a contaminación radioactiva da atmosfera e a aniquilación da vida na Terra serán escenarios tecnicamente posibles. ¿Hai algunha forma de escapar a esta situación creada por nós mesmos?

Todos nós, e especialmente aqueles responsables das actitudes de EEUU e a Unión Soviética, deben darse de conta de que poderemos ter derrotado un inimigo externo, pero fomos incapaces de nos librar da mentalidade creada pola guerra.

É imposible lograr a paz, mentres cada acción é decidida pensando nun posible conflito futuro.

O punto de vista central de toda acción política debe ser ¿que podemos facer para lograr a coexistencia pacífica, e aínda máis, a cooperación leal entre as nacións?

Nesta análise, todo tipo de cooperación pacífica entre os seres humanos está baseada primordialmente na confianza, e só secundariamente en institucións como os tribunais de xustiza e a policía.

Isto vale tanto para as nacións como para os individuos, e a base da confianza son as concesións mutuas nun espírito de lealdade.

¿E que hai dos controis internacionais? Bo, poden ser de uso secundario como medidas de policía, pero non se debe sobreestimar a súa importancia. Os tempos da Prohibición que ilegalizou o alcol en EEUU en 1918 veñen á mente e chámannos á reflexión.

The idea of achieving security through national armament is at the present state of military technique a disastrous illusion.

The armament race between the USA and the USSR, originally supposed to be a preventative measure, assumes hysterical character.

On both sides, the means to mass destruction are perfected with feverish haste, behind the respective walls of secrecy.

The hydrogen bomb appears on the public horizon, as a probably attainable goal. Its accelerated development has been solemnly proclaimed by the president.

If successful, radioactive poisoning of the atmosphere and its annihilation of any life on Earth has been brought within the range of technical possibility.

Is there any way out of this impasse created by man himself?

All of us and particularly those who are responsible for the attitudes of the USA and the USSR, should realize that we may have vanquished an external enemy, but have been incapable of getting rid of the mentality created by war.

It is impossible to achieve peace as long as every single action is taken with a possible future conflict in view.

The leading point of view of all political action should therefore be, "what can we do to bring about a peaceful coexistence and even loyal cooperation of the nations?"

In the last analysis, every kind of peaceful cooperation among men is primarily based on mutual trust and only secondly on institutions like courts of justice and police.

This holds for nations as well as individuals, and the basis of trust is a loyal give and take.

What about international control?

Well, it may be of secondary use as a police measure, but it may be wise not to overestimate its importance.

The times of Prohibition come to mind and give one pause.

A ecuación do sextante. *E=mc²*

En 1905, cando escribiu por vez primeira a súa célebre ecuación $E=mc^2$, Albert Einstein non era máis que un empregado dunha oficina de patentes. Era un mundo no que a electrificación era a pedra angular da modernización. Había lexiões de obreiros levantando as rúas para instalar as vías dos tranvías eléctricos e os electricistas substituían as lámpadas de gas por lámpadas en teitos e paredes. Entrecruzándose ao longo de Estados Unidos, Europa e Rusia, as compañías eléctricas tecían unha inmensa rede de alta tensión, xeradores eléctricos e aparellos de medida con obxecto de suministrar enerxía ás fábricas, cidades e vivendas. A propia familia Einstein –en concreto, o seu pai e mais o seu tío– posuía un pequeno taller electrotécnico no que se fabricaban dispositivos de relojería para medir magnitudes eléctricas.

As ecuacións de Maxwell, que hoxe se ensinan en calquera clase de física elemental, eran tan novidosas na década de 1870 que non se estudaban na súa totalidade, nin sequera nas escolas máis avanzadas, e a Einstein todas

esas novas teorías e dispositivos parecíanlle fascinantes.


A oficina de patentes de Berna contratara un Einstein de vinte e tres anos precisamente para examinar innovacións electrotécnicas; o seu traballo consistía en establecer o seu grao de novidade e aislar e determinar os principios que lle serven de base.

Desde esa oficina de patentes e no seu *annus mirabilis* de 1905, Einstein publicou cinco extraordinarios artigos. O primeiro deles foi recibido pola revista *Annalen der Physik* o 18 de marzo e presentaba a súa teoría dos *cuantos* de luz; en certo sentido, foi o artigo que deu o disparo de saída da física cuántica. Seis semanas máis tarde, aquel físico novel presentaba a súa tese doutoral, na que amosaba cómo estimar o tamaño dunha molécula mediante un argumento baseado na contribución das grandes moléculas do tipo do azucre á viscosidade da auga azucarada.

O 11 de maio, Einstein presentaba a súa teoría do movemento browniano, que demostraba a existencia de choques entre os átomos e moléculas reais

e as pequenas partículas en suspensión –pensemos nas partículas de po difundíndose no ar. Tratábase dun poderoso argumento a favor da realidade física dos átomos; na teoría de Einstein, os átomos non eran simples ficcións *ad hoc* para explicar os procesos químicos, eran obxectos físicos reais que impactaban estatisticamente contra a partícula en suspensión e era a resultante deses impactos a que facía que aquela se movese a través do fluído.

Os artigos máis relevantes para o tema que nos ocupa eran o cuarto e o quinto, os que Einstein enviou a finais de xuño e en setembro. Foi neses artigos, sen dúbida os máis famosos, onde Einstein presentaba a teoría especial da relatividade e deducía como unha consecuencia a célebre ecuación da enerxía e a masa. O da relatividade propiamente dito, titulado *Sobre a electrodinámica dos corpos en movemento*, estaba construído arredor de dous sinxelos puntos de partida e efectuaba predicións baseándose neles. Evitando as premisas detalladas sobre o modo no que os obxectos concretos están feitos ou interaccionan, a teoría



de Einstein apenas se parecía aos traballos dos grandes físicos da época. Pola contra, tiña o estilo propio dun profeano, ou quizais posuía unha rara simplicidade.

Como na súa teoría física ideal, a termodinámica, Einstein desexaba por riba de todo empezar desde uns *principios*. Na termodinámica, todo o edificio descansa sobre dous piares: a conservación da enerxía e a entropía, sempre crecente, do mundo. Na relatividade, Einstein tiña en mente outros principios fundacionais. En primeiro lugar, segundo Einstein, o vello punto de partida da física clásica debía ser válido tamén para a electricidade e o magnetismo. Desde Galileo, os físicos aceptaran a proposición de que se alguén se atopa dentro dun compartimento pechado en movemento constante, non dispón de medio mecánico ningún que lle permita determinar se o seu movemento é "real" ou non (Galileo imaxinaba o observador na adegua dun barco navegando suavemente por mar aberto; Einstein elixiu un tren, desprazándose ao longo dos seus pulidos raís, como escenario dos seus experimentos mentais). A insistente mensaxe de Einstein era que Galileo aínda tiña algo que dicirnos. No interior do camarote sen fiestras dun barco que se move suavemente, nin vendo un peixe nadar nunha peixeira, nin deixando caer unha pelota, nin realizando calquera outro experimento mecánico seríamos capaces de detectar se nos movemos "realmente".

Do mesmo xeito, engadía Einstein, se nos atopamos nun tren que se despraza uniformemente, ningún experimento con electricidade, magnetismo ou luz nos pode revelar quen se atopa "en verdadeiro repouso". Trátase do principio da relatividade.

O segundo punto de partida resultaba *a priori* –como o propio Einstein admitía– un pouco sorprendente: no seo dun marco de referencia inercial (que non estea sometido a aceleración), a luz viaxa sempre á mesma velocidade, independentemente da velocidade da súa fonte. Se nunha estación de ferrocarril medimos a velocidade da luz que emite o faro situado no alto dunha máquina detida nela, obteremos o valor de 300.000 quilómetros por segundo. Imaxinemos agora un tren que atravesase a estación á metade da velocidade da luz, é dicir a 150.0000 quilómetros por segundo. Na física clásica ordinaria, unha pelota lanzada cara a adiante desde o tren en movemento cruzaría a estación á velocidade do tren *máis* a que o lanzamento lle imprimíase á pelota. Sorprendentemente, segundo Einstein, este razoamento non é válido para a luz. Desde a estación, comprobaríamos que a luz procedente do faro situado nese tren ultrarrápido nos chega a 300.000 quilómetros por segundo e non máis de presa. Máis aínda: aplicando o primeiro principio (de relatividade), se perseguiramos un raio de luz que se afastase de nós, non lograríamos sequera manter constante a súa vantaxe. Independentemente do marco inercial de referencia e da velocidade da fonte, a medición

sempre botaría o mesmo resultado para a velocidade da luz: a constante *c*. Temos aquí o segundo principio: a velocidade da luz é absoluta.

Partindo destas dúas premisas formuladas de forma tan sinxela, a da equivalencia física dos marcos de referencia inerciais e a de carácter absoluto da velocidade da luz, Einstein transformou a ciencia para sempre. Durante o proceso, as nocións de espazo e tempo que foran os alicerces da física desde Newton resultaron trastocadas por completo. Tras redactar o seu artigo en maio de 1905, Einstein comezou a meditar de inmediato sobre algunhas consecuencias da nova física. Certo venres do verán de 1905 escribía desde Berna o seu amigo Conrad Habicht: *"Encantaríame terte aquí. Serías outra vez o vello choqueiro de sempre. O meu tempo non ten demasiado valor estes días; non sempre dispoño de asuntos que paguen a pena meditar. Ou, polo menos, que sexan o suficientemente atractivos. [...] Ronda pola miña cabeza unha consecuencia do estudo da electrodinámica. O principio da relatividade, unido ás ecuacións fundamentais de Maxwell, esixe que a masa sexa unha medida directa da enerxía que contén un corpo; a propia luz transporta masa con ela. No caso do radio tería lugar unha redución da masa perceptible. A idea é á vez sedutora e divertida; pero tal vez Deus todopoderoso me engiolara con ela e está agora mesmo rindo ao meu portén"*.

Convencido, obviamente, de que non estaba facendo rir a Deus, en setembro de 1905 Einstein redactou o seu artigo de tres páxinas sobre $E=mc^2$, titulado *¿Depende a inercia dun corpo da enerxía que contén?*; *Annalen der Physik* recibiu o día 27 do mentado mes.

Antes de Einstein xa existía unha gran controversia sobre a relación entre a masa e a enerxía electromagnética. De feito, algúns dos principios físicos da época trataban de explicar a masa inercial (a resistencia da materia a ser posta en movemento) como a existencia de partículas cargadas que, ao reaccionar fronte aos seus propios campos, subscribían un programa reduccionista así, é dicir, unha liña de razoamento que intentase demostrar que todo, incluso a inercia, era en última instancia só carga e campos eléctricos e magnéticos. Tamén estaba ben establecido que un contedor de enerxía electromagnética (por exemplo, unha caixa formada por espellos, chea de luz) tiña unha masa que medraba en proporción á enerxía electromagnética almacenada.

Pero Einstein ía moito máis alá. Non contento con analizar a luz, argumentaba que *toda* forma de enerxía tiña asociada unha masa inercial. Como era de agardar, o seu artigo do $E=mc^2$ fixo estourar a polémica. Un dos aliados de Einstein, Max Planck –un dos físicos teóricos alemáns máis importantes– apresurouse a indicar que unha transferencia de calor tamén engadía masa. Segundo isto, unha tixola quente pesaba máis que a mesma tixola cando estaba

As súas frases

"Hai dúas cousas infinitas: o Universo e a estupidez humana".
"¡Triste época á nosa! É máis doado desintegrar un átomo que un prexuízo".
"A palabra progreso non ten ningún sentido mentres haxa nenos infelices".
"Todos somos moi ignorantes. O que ocorre é que non todos ignoramos as mesmas cousas".
"Hai dúas maneiras de vivir a vida: unha como se nada é un milagre, a outra é como se todo é un milagre".
"O problema do home non está na bomba atómica, senón no seu corazón".
"Deus non xoga ós dados co Universo".
"O máis incomprendible do mundo é que sexa comprensible".
"Nunca consideres o estudo como unha obriga, senón como unha oportunidade para penetrar no fermoso e marabilloso mundo do saber".

"Hai unha forza motriz máis poderosa que o vapor, a *¿*electricidade e a enerxía atómica: a vontade".
"A vida é moi perigosa. Non polas persoas que fan o mal, senón polas que se sintan a ver o que pasa".
"Nos momentos de crise, só a imaxinación é máis importante que o coñecemento".
"A mellor arma capaz de contrarrestar o poder da bomba atómica eu suxerín a mellor de todas: A paz".
"Non entendes realmente algo a menos que sexas capaz de explicarllo á túa avoa".
"O científico encontra a súa recompensa no que Henri Poincaré chama o pracer da comprensión, e non nas posibilidades de aplicación que calquera descubrimento poida implicar".
"Non podemos resolver problemas usando o mesmo tipo de pensamento que usamos cando os cremos".
"Cando a Einstein lle preguntaron, que armas se empregarían na terceira guerra mundial contestou: " Non o se, pero na cuarta se usarán paus e pedras".

fría. Era unha novidade: nada na física de Newton levaba a sospeitar que a masa puidese variar por exclusivo efecto da enerxía.

Cando Johannes Stark, un físico moi coñecido que máis tarde se convertería en ardente nazi, viu os resultados de Planck e Einstein, non dubidou en atribuír a Planck o descubrimento da equivalencia. Era demasiado para un mozo como Einstein (que aínda non desenvolvera a súa vea diplomática): "Sorpréndeme que vostede non recoñeza a miña prioridade sobre a conexión entre masa inercial e enerxía". Stark rectificou rápido: "Está moi equivocado, estimado colega, se cre que non lle fixen suficiente xustiza aos seus artigos. Apóioo sempre que teño ocasión e desexaría ter a oportunidade de propoñelo moi pronto para unha cátedra na Alemaña". Ao cal un Einstein máis calmo replicou arrepentido: "un impulso mesquiño levome levome a facer ese comentario sobre prioridades. [...] Quen tivo o privilexio de contribuír ao progreso da ciencia non debería permitir que o pracer polos froitos obtidos nun labor conxunto o entolden semellantes asuntos".

Nos anos que seguiron a 1905. Einstein traballou intensamente para xeneralizar o resultado, para demostrar que a equivalencia entre masa e enerxía era verdadeiramente completa. Obrigado unha e outra vez a regresar á súa famosa fórmula, chegaría a ofrecer tres xeitos de deducila. Na primeira, a do artigo orixinal de 1905. Einstein imaxinaba un corpo que emitía un mesmo lampexo de luz en dúas direccións opostas. Seguidamente recordaba, segundo a teoría especial da relatividade, cómo debía contemplar a mesma situación desde un sistema de referencia non acelerado diferente. Combinando os resultados podía deducir $E=mc^2$, pero para facelo de xeito correcto era necesario precisamente observar cómo se transformaba a enerxía dun marco a outro. Vinte e nove anos despois, nun relatorio dado en Pittsburgh, Einstein presentou un argumento distinto para $E=mc^2$, utilizando esta vez

o feito de que a enerxía e o momento debían conservarse en todos os marcos inerciais de referencia. Pero a súa explicación máis sinxela foi a terceira que ocupaba unha soa páxina. En 1946, Einstein escribiu unha demostración de $E=mc^2$ para *Technion Journal* que non facía uso da teoría da relatividade, senón só dunhas premisas básicas. Exeminemos este último método e deteñámonos a analizar o razoamento de Einstein.

Supoñamos, como Einstein suxire, que aceptamos estes catro principios:

1. Que o principio da relatividade especial é correcto, é dicir, que en todos os marcos de referencia non acelerados son equivalentes. Ningún marco de referencia se atopa no "verdadeiro" repouso e só os movementos relativos teñen significado físico.
2. Que o momento se conserva: á fin e ao cabo, este principio é un artigo de fe, incluso na física clásica. Para a materia ordinaria, o momento é igual á masa multiplicada pola velocidade. A conservación do momento significa que se, por exemplo, sumamos os momentos de todas as bólas nunha mesa de billar antes de que choquen unhas contra outras e repetimos o cálculo tras a colisión, o resultado é o mesmo.
3. Que a radiación posúe un momento; trátase dun feito verificado experimentalmente e aceptado desde hai moito. (Sabido é, por exemplo, que o que empurran cara ó exterior a cola dos cometas é a luz do Sol)
4. Que un observador en movemento ve unha fonte de luz como se esta sufrira un cambio no seu ángulo aparente ("aberración estelar"). Noutras palabras, coñecía-se desde hai moito que un observador na Terra, por exemplo, ve a luz das estrelas como se procederan dun punto desprazado un pequeno ángulo (α) respecto á posición verdadeira das estrelas no ceo. Ese ángulo dependía da velocidade da Terra, (v), e aceptábase xeralmente que, para velocidades pequenas comparadas coa da luz, (C), $(\alpha) = v/C$ aproximadamente.

O efecto é doado de comprender. Inda que a chuvia caía perpendicularmente ó chan, se corremos a través dela a percibímola como se caera cara a nós cun certo ángulo.



Albert Einstein (1879-1955) demostrou que o espazo é finito pero ilimitado, como se se tratase dun universo bidimensional que tivese a forma da superficie dunha esfera: sería finito, pero non tería límites. Ese universo finito pero ilimitado descrito por Einstein era, en principio, estático aínda que de feito podía ser obxecto dun movemento de expansión ou contracción.

Esta teoría explicaba tamén que os efectos da gravidade e a aceleración son indistinguíbles e polo tanto equivalentes. Tamén explicaba que as forzas gravitatorias están vinculadas á curvatura do espazo-tempo. Mediante un modelo matemático, Einstein demostrou que calquera obxecto flexiona o espazo-tempo que o rodea. Se ten unha masa relativamente grande, como unha estrela, a curvatura que produce pode cambiar a traxectoria de todo o que pase preto, mesmo da luz. Todo isto significa que todo obxecto con masa produce ou xera gravidade para os obxectos que lle rodean, xeralmente canto máis grande é a masa, máis gravidade produce. Este feito rómpese ante a presenza dun buraco negro ou ante unha estrela de neutróns cuxas masas son moi pequenas non obstante a forza da gravidade é enorme.

A teoría xeral da relatividade sostén que as forzas gravitatorias son consecuencia da curvatura do espazo-tempo. Ó pasar preto dun obxecto masivo, a luz describe unha traxectoria curva ó seguir a curvatura do espazo-tempo causada pola masa do obxecto. Os buracos negros teñen unha concentración de masa tal que a curvatura do espazo-tempo ó seu arredor que nin a luz pode escapar deles.

da chuva con respecto á vertical. Se, mentres o facemos, transportamos un telescopio, consistente nun longo tubo de cartón, teremos que inclinalo un ángulo para que as gotas de chuva atravesen en liña recta o tubo. Do mesmo xeito, debido ao movemento da Terra, os telescopios ópticos teñen que ser apuntados cun certo ángulo respecto da posición "verdadeira" da estrela para observar a súa luz.

Supoñamos tamén, engadía Einstein, que temos un marco de referencia –o "marco" en repouso– o cal poderíamos imaxinar como un transbordador espacial que flota no espazo profundo con motores apagados, lonxe de calquer obxecto –como unha estrela ou un planeta– que puidera exercer unha forza gravitatoria significativa sobre el. Neste marco, un libro flota inmóbil no medio do transbordador, antes de que dúas lámparas de flash, situadas a idéntica distancia nos extremos opostos, envíen un escintilar luminoso de enerxía $E/2$ directamente cara ao libro. A luz procedente de ámbolos dous flashes é absorbida entón polo libro, que ve incrementarse a súa enerxía en E . No marco de referencia "en repouso", o libro que non se move cara a ningunha parte, xa que recibiu dous impacto luminosos da mesma magnitude procedentes de direccións opostas.

Agora, continuaba Einstein, observemos o mesmo proceso desde un marco de referencia "en movemento" (por exemplo, unha nave espacial rusa) que se despraza uniformemente cara a abaixo con velocidade v . Vista desde este marco, a escena resulta lixeiramente distinta. Contemplado desde a nave espacial rusa, antes de ser alcanzado pola luz das dúas lámparas, o noso valioso libro estábase movendo cara a arriba cunha velocidade v . Isto quere dicir que, no novo marco de referencia, antes de que os feixes de luz acaden o libro, de masa M , o momento do mentado libro vale Mv . A teoría clásica da luz dinos que o momento de alostro de luz de enerxía $E/2$ vale exactamente $E/2c$. Por outro lado, no marco da nave rusa, a luz procedente dos flashes parece non viaxar horizontalmente, senón (por efecto da aberración) chegar cun pequeno ángulo, $\alpha=v/c$, respecto á horizontal.

No marco da nave espacial rusa, o momento do libro tras ser alcanzado pola luz dos flashes é igual á suma do momento orixinal ascendente (Mv) máis o momento que o libro recibe o impacto de dous dos feixes de luz que neste marco de referencia chegan cun "ángulo de aberración". En consecuencia os feixes de luz contribúen cun momento de magnitude Ev/c^2 ao momento inicial do libro, que xa valía Mv . Tras a absorción da luz, o momento total do libro no marco de referencia da nave rusa vale $Mv+Ev/c^2$.

Aínda que o momento do libro se incrementou, a súa velocidade final cara a arriba segue sendo v , a mesma, en valor absoluto, que a da nave rusa. (A velocidade do libro no marco de referencia da nave rusa

debe continuar sendo v necesariamente: no marco do transbordador espacial, os feixes de luz inciden en direccións opostas, co que o libro segue estacionario; así pois, tras a absorción, o libro segue movéndose a velocidade v respecto do primeiro.) Polo tanto, segundo Einstein, a absorción de enerxía tivo que incrementar a masa do libro –xa que a velocidade do libro non aumenta, é a única maneira de xustificar que o

momento sexa maior. Se chamamos M' á masa final do libro, no marco de referencia da nave rusa: Momento final do libro = $Mv+Ev/c^2=m'v$.

Dividindo a ecuación (v) e restando M a ámbolos dous lados obtense, $M'-M=E/c^2$, que é o mesmo que dicir que $E=(M'-M)c^2$. Se expresamos abreviadamente $M'-M$, a diferenza entre a masa do libro antes e despois da chegada dos escintileos de luz, como m , masa adquirida, obtemos o obxecto dos nosos desexos: $E=mc^2$

Agora ben, dado que a forma de enerxía sempre pode ser convertida noutra, o resultado non

é só aplicable aos feixes de luz. Polo contrario, significa que calquer forma de enerxía engádese á masa inercial: unha bola de billar quente ten máis masa que unha fría e un planeta en rotación é máis masivo que un que estivera inmóbil. De feito, se á masa se lle permite converterse en enerxía, farao. ¿Qué é o que pon límite a estes cambios? As leis de conservación: unha lei de conservación é unha afirmación de que certas magnitudes non cambian nun sistema pechado: por exemplo, non podemos crear unha carga eléctrica da nada. O momento –a tendencia dun corpo a moverse en liña recta unha vez se pon en marcha– permanece constante, salvo que apliquemos unha forza. Debido a estas leis da conservación, na teoría da relatividade un único electrón non pode esvaeerse, transformándose en pura enerxía, xa que isto alteraría a carga eléctrica do universo. Agora ben, se un electrón choca cun anti-electrón (que ten a cara oposta), a historia é moi diferente.

Neste caso, a suma das cargas é cero; para a masa conxunta do electrón e o positrón si resulta posible a transformación total en enerxía. Neste sentido inverso e respetando sempre as leis de conservación, a enerxía pura tamén pode converterse en masa (p. ex. nun electrón máis un positrón)

Nas décadas que seguiron a 1905, $E=mc^2$ desembarcou nos laboratorios. En 1932, dos físicos do famoso Laboratorio Cavendish de Cambridge, os experimentalistas John Cockcroft e Ernest Walton, lograron acelerar protons para desintegrar un núcleo de litio. Observaron que os fragmentos do núcleo resultantes pesaban menos que o núcleo de litio orixinal.

Ao principio parecía que parte da masa se esvae-cera. Pero, medindo a enerxía total dos fragmentos desprendidos e empregando $E=mc^2$, os científicos de Cambridge atoparon que a masa "perdida" na desintegración equivalía á enerxía adquirida polos veloces fragmentos desprendidos do núcleo. A fórmula de



Einstein atinaba de novo.

Pero a aplicación de $E=mc^2$ que cambiaría a faz do mundo chegou ao descubrimento de que os neutrones podían causar a fisión nuclear do uranio. Durante anos, a física Lise Meitner estivo traballando co químico Otto Hahn no Instituto Químico Káiser Guillermo. No frondoso suburbio berlinés de Dahlem, dedicábase a bombardear núcleos con neutróns, utilizando a química para clasificar os produtos resultantes. Tanto eles como moitos outros _incluíndo o grupo Enrico Fermi en Roma_ pensaban que os produtos da reacción que observaban tras o bombardeo eran realmente novos elementos situados alá do uranio na táboa periódica. Eses "transuránidos", como os denominaron, eran sensacionais, talvez o maior descubrimento da nova radioalquimia. Na parella de Berlín, as habilidades dos seus membros resultaban completamentarias: Meitner era a física do equipo e Hahn, o químico. Pero o bo entendemento terminou abruptamente cando os nazis pecharon o laboratorio e Meitner, que era xudia, viu de pronto o seu destino pendente dun fío. Tras fuxir de Alemaña por ferrocarril o 13 de xullo de 1938, Meitner iniciou unha gris carreira científica en Suecia, desde onde ansiosamente agardaban noticia dos seus colaboradores mentres o mundo avanzaba cara á guerra.

En Berlín, os resultados de laboratorio só traían máis confusión a Hahn, que seguía adiante cos experimentos. Desde había moito tempo, el e Meitner estaban acostumados a detectar produtos da colisión que, nalgunhas reaccións, se comportaban como elementos máis lixeiros que o uranio. Pero ise –Hahn e todos os demais estaban plenamente convencidos– era unha mera ilusión química, algo imposible: os elementos tiñan que estar cerca do uranio nunha táboa periódica. "Romper" un núcleo en partes moito máis pequenas era, sinxelamente, imposible. Cabía desprender, quizais, un protón ou unha partícula alfa (dos protóns enlazados a dous neutróns); pero , tal como diría despois de certo físico, rachar netamente un núcleo en dúas partes era como facer estalar unha casa lanzándolle unha pelota pola ventá. Se un produto de reacción parecía bario, por exemplo, debía de ser radio, de características químicas semellantes. Os resultados eran cada vez máis desconcertantes, ata que unha noite de decembro de 1938 Hahn lle escribía a Meitner: *"19/12/38. Noite de luns no laboratorio. Querida Lise (...) Son agora as once en punto; ás 23:45 chegará Strassmann (outros dos seus colaboradores), co que finalmente poderei volver a casa. Descubrimos algo sobre os "radioisótopos" tan notable que, por agora, só cho contamos a ti. (...) Os nosos isótopos de Ra (dio) compórtanse como se foran Ba (rio)". "Así que, por favor", rogaba Hahn, "pensa que se hai algunha posibilidade de que exista unha variedade de bario que sexa moito máis pesada que a normal"*

Hahn envioulle o seu artigo ó editor tres días despois de escribirlle a Meitner. Nel reflectía o mar de dúbidas no que se atopaban Hahn e o seu colega Strassmann. Detectaban o que parecía ser elementos lixeiros coñecidos, pero non podía aceptalo: "Como os químicos (...) deberíamos substituír os símbolos [dos elementos lixeiros] polos [dos elementos pesados] que mentamos. Como "químicos nucleares" próximos tamén á física, aínda que non podemos dar ese paso que contradí toda experiencia anterior en física nuclear".

Cando lle chegou a carta do 19 de decembro, Meitner e o seu sobriño, o físico Otto Robert Frisch, que tamén

se exiliara, saíron dar un paseo na neve e comezaron a analizar a misteriosa carta. ¿Que sucedería –preguntáronse– se o núcleo de uranio, ao ser alcanzado por un neutrón, comezara a oscilar como unha grosa gota de auga? Esta imaxe do núcleo fora relativamente común naquela época. Supoñamos, continuaron, que a gota se atopara normalmente en delicado equilibrio, cos 92 protóns repeléndose furiosamente uns a outros, pero mantidos xuntos por certas forzas de atracción, potentes anque de curto alcance, entre os 238 protóns e neutróns.

Podería ocorrer que a pinga se dilatase ao ao oscilar, talvez até un punto no que parecese unha haltera visgoñenta, un par de esferas unidas por un delgado vástago nuclear. Neste estado, o efecto da repulsión mutua dos protóns situados nas dúas esferas podería ser maior que a atracción debida ás unións de curto alcance. Nun momento dado, a repulsión eléctrica podería facer que o núcleo se dividise en dous, co que as esferas se separarían unha da outra baixo a forza debida aos dous grupos duns 46 protóns que conteñen. Meitner calculou: dous núcleos lixeiros pesarían menos que o núcleo pesado orixinal. E a enerxía debida a esa diferenza de masa, de acordo con $E=mc^2$, sería enorme. Ela e o seu sobriño acababan de saber algo que ninguén no mundo sospeitaba: que en Sahlem se producía a fisión nuclear.

Os acontecementos sucedéronse de présa. Ao escoitar a interpretación de Meitner e Frish, o físico danés Niels Bohr, considerado o pai da teoría cuántica por moitos dos seus colegas, comprendeu de inmediato onde estaba o erro nos seus anteriores razoamentos. Wheeler, que zarpou cara a América con Bohr en 1939, axudouno a compoñer unha análise teórica exhaustiva da fisión en medio do Atlántico. Non transcorrería demasiado tempo até que a idea da desintegración do átomo brincara do laboratorio aos titulares dos periódicos. E a inmediata cuestión, crucial nun mundo tan inestable como o daqueles anos, non tardou en quedar exposta: ¿Podían os neutróns que saían despedidos na división do núcleo causar fisións adicionais? Se a resposta era afirmativa, a xigantesca enerxía liberada pola fisión medraría xeometricamente. En poucos meses, varios físicos empezaron a sospeitar que o mecanismo da fisión podería levar, nun futuro non moi arredado, á fabricación de armas nucleares. Algúns desles animaron a Einstein a escribir a súa famosa e decisiva carta do 2 de agosto ao presidente Roosevelt de Estados Unidos.

Einstein insistía na necesidade de establecer contacto entre a Administración e os físicos. A xeito de sinistro agoiro, a Alemaña detivera a venda de uranio. O 1 de outubro de 1939, un representante dos científicos mantivo unha entrevista con Roosevelt, na que os partidarios do átomo avalaron as súas propostas cun memorándum máis técnico do refuxiado húngaro Leo Szilard, o descubridor da reacción nuclear en cadea. Por entón, os nazis invadiran xa Polonia e a bóla de neve comezaba a rodar ladeira abaixo. Temíase que os alemáns posuísen unha bomba atómica: Pearl Harbor foi atacado e os británicos daban os primeiros pasos cara á construción dunha arma nuclear. En Estados Unidos, as comisións convertéronse en laboratorios e os laboratorios nas fábricas máis grandes xamais vistas. Algúns anos despois, ao lembrar eses días, Einstein reflexionaba sobre os aspectos éticos daquilo ao que el mesmo contriubuía a poñer en marcha, primeiro coas especulacións dun mozolo empregado nunha oficina de patentes e, máis tarde, sendo o máis famoso científico do mundo: "Cometín un erro cando

asinei aquela carta ao presidente Roosevelt dando a entender que a bomba atómica debía ser construída. Pero talvez se me poida perdoar por iso, porque entón todos pensabamos que había unha alta probabilidade de que os alemáns estiveran traballando no tema e de que chegaran a ter éxito e utilizaran a bomba atómica para converterse na raza dominante”.

Cando a Einstein lle preguntaban por qué, na súa opinión, fora posible descubrir os átomos, pero non o xeito de controlalos, respondía: “Moi sinxelo, amigo meu: porque a política é máis difícil que a física”.

Ao terminar a guerra, $E=mc^2$ convertérase para os físicos en símbolo da era atómica. Unha era, cunha chegada que se celebraba por ter forzado o fin da guerra, e, á vez, lamentábase por ser o punto de partida dunha guerra armamentística de imprevisibles consecuencias. A ecuación era, á vez, unha guía cara ó futuro e o recordatorio dun xigantesco error.

Tras a segunda guerra mundial, $E=mc^2$ fíxose omnipresente, lonxe do control dos físicos. Unha pequena firma incluso a adoptou como nome comercial: “Non consiste en traballar máis, senón en facelo de xeito intelixente”, engadía como lema.

“Coa imaxe de Einstein repartida por toda a oficina como mascota do negocio, sería difícil facelo doutro xeito”. $E=mc^2$ é tamén o nome dun refresco, o dun complemento científico xuvenil de Texas e o logo dun consorcio de escolas do distrito en Nova Jersey que ten como obxectivo mellorar o ensino da ciencia.

A ecuación é, así mesmo, o título dun best-seller de Patrick Cauvin ($E=mc^2$, mon amour), unha historia de amor entre dous precoces xenios de once anos que voan a Venecia. E, por suposto, hai toda clase de posters coa foto de Einstein adornada ao súa emblemática ecuación.

Non parece que $E=mc^2$ sexa o título máis axeitado para unha peza musical, pero Big Audio Dynamite non opinou así, e ata onde coñezo, hai polo menos outros dez grupos de rock que usaron a ecuación como título das súas cancións.

Hai unha película _dispoñible en vídeo_ que tamén o leva; o seu argumento: “Un profesor de física de Oxford intenta chegar máis lonxe que Einstein mentres trata de satisfacer as demandas da súa muller e as da súa amante. ¡Todo sobre a fisión nuclear!”. Existe unha empresa gráfica xaponesa denominada $E=mc^2$ e tamén ostenta este nome unha compañía de sistemas de Internet francesa, grupos de estudos de Arizona e instalacións artísticas de varios países. En todas as partes é o símbolo do xenio, un sinal de poder e, á vez, o heraldo da destrución.

Quizais non deberíamos sorprendernos. A diferenza doutras ecuacións físicas, $E=mc^2$ conecta coa cultura popular por catro razóns. En primeiro lugar, a ecuación en si é compacta, doada de escribir e dramática nas súas consecuencias, tanto no laboratorio como para o mundo. A ecuación de Einstein para o campo gravitatorio, polo contrario, é case impronun-

ciante para o home da rúa: $R(ab)-1/2 Rg(ab) = -8(PI)GT(ab')$, mon amour non tería o mesmo atractivo comercial e témome que tampouco resultaría como título dunha canción de rock, inda que os físicos opinen que a ecuación que goberna a relatividade xeral merece aínda máis respecto que a equivalencia entre masa e enerxía.


En segundo lugar, a ecuación $E=mc^2$ plasmaba, polo menos en parte, a extraordinaria fascinación que na cultura popular exercían as novas ideas sobre o espazo e o tempo debidas á teoría da relatividade. Antes, incluso de que esta fora formulada, ao pintor Claude Monet atraerá os conceptos de simultaneidade, velocidade e tempo e a alteración do espazo. Cando a física proporcionou un novo marco espazo-temporal no euclidiano e a fusión de temporalidade e espacialidade, eses conceptos, ou cando menos os seus equivalentes metafóricos, atoparon un chan fértil.

En terceiro lugar, tras a expedición do astrónomo británico Arthur Eddington para observar a eclipse de 1919, que demostrou que a teoría einsteniana

predicía correctamente a curvatura da luz solar, Einstein converteuse nunna figura de culto indiscutible (polo menos, para os seus admiradores), o prototipo de xenio individual. Pacifista nos anos previos á guerra e conciliador despois, exemplo ético, incomprendido, vilipendiado e alabado despois sen medida, Einstein transformouse nun símbolo de esperanza para todo aquel que fora a contracorrente. Para os seus inimigos, por suposto, era o antiheroe: cosmopolita, antinacionalista, xudio, teórico, abstracto, demócrata e

aleo a todo sentimento de raza ou de nación. Incluso con anterioridade á segunda guerra mundial, Einstein e, con el, as súas ecuacións máis famosas, arrastraban unha mestura de filosofía, física e modernidade que unhas veces seducía e outras tantas aterraba a quen os rodeaban.

No longo período de tensión comprendido entre 1939 e 1989, primeiro de guerra real e logo de guerra fría, a ecuación chegou a implicar algo máis –as armas nucleares– pechando nos seus escasos símbolos tanto o poder como o coñecemento. A “ecuación do sextante” adquiría así un cuarto significado, pois esas armas parecían conxugar o coñecemento máis esotérico co máis terrible poder destrutivo. A ecuación asociábase de pronto a unha forza case mística, á expresión máis sintética e tanxible da Apocalipse. Todas esas correntes culturais, todos eses conceptos parecen hoxe orbitar en torno á ecuación. Á vez fantasía filosófica e xenial, física práctica e arma aterradora, $E=mc^2$ converteuse en sinónimo do coñecemento técnico por autonomasia. As nosas ambicións científicas, as nosas ansias de coñecer e os nosos peores pesadelos están pechados neses breves trazos da pluma. ●



$Mg +$

$M' -$

Gleichung, drückt
die Energie - Inva-
rante ihrer
aus, so können

28 / ABRIL DO 2005 - NÚMERO 563

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**

A MÚSICA DO 25 DE ABRIL



Remata abril. O abril que hai trinta e un anos cantaran os poetas, no canto que recuperou a liberdade. Abril era vento, era rosa, era revolução dos cravos. ¿Quen pode dicir que "abril é o mes máis cruel"? que diría Elliot. No canto, está a rematar este abril co anuncio do adianto electoral en Galicia ou a histórica aprobación da lei dos matrimonios homosexuais: un abril mediático –coa designación do novo Papa Benedicto XVI– tan oposto a aqueloutro do 1974 onde Galicia, como media España, sintonizaba con présa as radios por ver o que acontecía en Portugal. convulsos, mentres se executaba a garrote vil o anarquista Puig Antich, Franco tiña un ataque de flebite na perna dereita ou cumpríanse tres décadas despois de que as bombas atómicas arrasaran Hiroshima e Nagasaki. Aos nomes que cantan o abril do 1974 – José Afonso, Sergio Godinho, Fausto.. –está dedicado este monográfico da RDL. Abril –abril que abriu un tempo de República en España– que tamén dera paso a un maio do 1968.

Canções de Abril

Xa en 1973, concretamente o 29 de Marzo, Ary dos Santos, así como José Afonso, Adriano Correia de Oliveira, Manuel Freire e José Jorge Letria, participan no I Encontro da Canção Portuguesa, no Coliseu dos Recreios de Lisboa. Este evento foi rodeado dun forte aparato policial, xa que a poesía de todos estes autores –de decidido carácter interventivo– constituía unha forte arma contra o réxime vixente, imposto pola ditadura salazarista había corenta anos.

Do canto libre perseguido abrolla a forza simbólica da canción ó que leva a pensar que, sen dúbida, o papel desempeñado pola música na revolução dos cravos é un asunto que aínda non foi estudado co rigor e a profundidade que merece. Eran as 22.55 horas do 24 de abril do 1974 e unha canción puña no ar o primeiro sinal do golpe militar: "E depois do Adeus", o tema vencedor do Festival de Eurovisión, de Paulo de Carvalho soa en todas as emisoras lisboetas. "O silencio –ao dicir de Carvalho– é unha forma de censura". Logo chegaron as 00.30 horas do 25 de abril cando outra canción, 'Grândola, Vila Morena' de José Afonso emítese no programa 'Limite' de Rádio Renascença, servindo de sinal ao movemen-

to. Confírmase que a operación para derrocar o réxime ditatorial está en marcha. Non había volta atrás: o paso cara á democracia era irreversible. Dende un posto clandestino, iníciase a acción revolucionaria, comandada por Otelo de Saraiva de Carvalho e outros cinco oficiais do Movimento das Forzas Armadas (MFA) para recuperar Tomar, Vendas Novas, Lisboa, Figuera da Foz, Viseu, Mafra, Estremoz e outros puntos.

Anos antes víñanse forxando estreitas relacións entre os músicos galegos e portugueses, unidos dende posicións de esquerdas contra a caída dos fascismos. Aínda vivo o ditador Francisco Franco, no berce das aulas da Universidade de Santiago mantíñase contacto con Luís Cília, exiliado daquela en Francia. No 1974 e da man do músico galego Benedicto chega o mítico Zeca Afonso a Compostela, reunindo unha morea de xentes nun concerto na facultade de Económicas. En abril triunfara unha revolución que devolvía a democracia que Galicia e toda España ansiaba: unha revolta liderada por militares, case de segunda fila, tamén universitarios, que ao seu paso por colonias volvían a Portugal no espertar dunha nova conciencia.

A música galega xa miraba cara a Portugal: Francisco Fanhais, Manuel Freire, José Jorge Letria ou Hugo Maia de

Loureiro que soaban constantemente nas emisoras portuguesas, non só en radio Renascença, xunto as voces do chamado nacional-cançonetismo, como o propio Jose Afonso, Adriano Correia de Oliveira, Sérgio Godinho ou Fausto. Cantan abril os esquecidos Alfonso Dias ou os grupos InClave e Mar de Outubro, que tiveron un papel activo antes e despois do 25 de abril. Canta Tcnicha ao "Obrigado Soldadinho" e Carlos Alberto Moniz e Maria Amparo

"força, força, companheiro Vasco/ nós seremos a muralha de aço". Ata chegar ao tempo da desilusión: "É preciso combater pela verdade" na letra da canción para a Unidade de Pedro Barroso (1978) pois "voltam vozes de comando/ com um cheirinho a antigamente" nos versos de "Com Volta na Ponta" de Afonso Dias (1977). "Ser poeta é escolher as palavras que o povo merece", asentou o entusiasta e irreverente Ary dos Santos que edita "As portas que abriu" no 1975. A cantiga como arma en Fausto ou o inquiredor de conciencias nos versos de José María Branco forman parte dun patrimonio cultural que, máis de trinta anos des-

pois, volven sobre unha triloxia de cantares da insinuación, da intervención e da desilusión.

Hoxe, nos andeis do Corte Inglés en Compostela, non hai nin unha soa publicación sobre o 25 de abril en Portugal. Permanece, na sección de discos, Zeca Afonso quen co seu Grândola dera arrinque a unha revolución nos días nos que en Madrid era ministro Manuel Fraga e o ditador Francisco Franco –do que este ano se cumpren trinta anos da súa morte– estaba afectado de flebite. Días nos que a ambiótica Patricia Hearst facíase cunha metralleta na defensa do misterioso Exército Simbiótico de Liberación: morre Perón e demite Willy Brandt mentres India entra no clube atómico e o pobo italiano reclamaba o divorcio. Co Watergate dimite Nixon, pero iso xa era agosto do 1974: o ano dos cravos, sobre o que non faltan voces que asentán que "non houbo un poder revolucionario, senón revolucionarios no poder". Chegaron, apunta o sociólogo Boaventura Sousa Santos, novos movementos e organizacións sociais entre 1974 e 1976. Pasara, en palabras de Eduardo Lourenço, "aquelo que, con delicia ou terror, se acostuma a designar como revolución". Era o 25 de abril do 1974 cando, baixo o himno ata entón clandestino, "Grandola, vila morena" e en sete horas, derrótase a ditadura máis vella de Europa.



Grândola vila morena

Zeca Alfonso

Grândola, Vila Morena
Terra da fraternidade,
O povo é quem mais ordena
Dentro de ti, ó cidade.

Dentro de ti, ó cidade
O povo é quem mais ordena
Terra da fraternidade
Grândola, vila morena

Em cada esquina um amigo,
Em cada rosto igualdade.
Grândola, vila morena,
Terra da fraternidade.

Terra da fraternidade
Grândola, vila morena
Em cada rosto igualdade
O povo é quem mais ordena

Á sombra duma azinheira,
Que já nao sabi' a idade,
Jurei ter por companhia,
Grândola a tua vontade.

Grândola a tua vontade
Jurei ter por companhia
Á sombra duma azinheira
Que já nao sabia a idade

Alípio de Freitas

Zeca Alfonso

Baía de Guanabara
Santa Cruz na fortaleza
Está preso Alípio de Freitas
Homem de grande firmeza

Em Maio de mil setenta
Numa casa clandestina
Com companheira e a filha
Caiu nas garras da CIA

Diz Alípio à nossa gente:
"Quero que saibam aí
Que no Brasil já morreram
Na tortura mais de mil

Ao lado dos explorados
No combate à opressão
Não me importa que me matem
Outros amigos virão"

Lá no sertão nordestino
Terra de tanta pobreza
Com Francisco Julião
Forma as ligas camponesas

Na prisão de Tiradentes
Depois da greve da fome
Em mais de cinco masmorras
Não há tortura que o dome

Fascistas da mesma igualha
(Ao tempo Carlos Lacerda)
Sabei que o povo não falha
Seja aqui ou outra terra

Em Santa Cruz há um monstro
(Só não vê quem não tem vista
Deu sete voltas à terra
Chamaram-lhe imperialista

Baía da Guanabara
Santa Cruz na fortaleza
Está preso Alípio de Freitas
Homem de grande firmeza

Unha revolución pacífica

O levantamento militar do día 25 de Abril de 1974 en Portugal derrubou, nun só día, o réxime político que atenazaba Portugal desde 1926, sen grande resistencia das forzas leais ao goberno que cederan ante o movemento popular, rapidamente apoiado polos militares. Este levantamento é coñecido por 25 de Abril ou Revolución dos Cravos. O levantamento foi conducido polos oficiais intermediarios da xerarquía militar (o MFA), na súa maior parte capitáns, que participaron na Guerra Colonial. En xeral, considérase que esta revolución lle devolveu a liberdade ao povo portugués (denominándose como "día da Liberdade" á xornada festiva instituída en Portugal para conmemorar a revolución máis pacífica da historia.

As eleccións democráticas

Ás 0:20 do 25 de abril de 1974, a Rádio Renascença tocou una música prohibida: 'Grândola, Vila Morena', de Zeca Afonso. Era o sinal para o inicio do movemento dos capitáns. O movemento aparece cun programa que se definía por tres D: Democratización, Descolonización e Desenvolvemento. A revolta militar foi unha consecuencia dos 13 anos de guerra colonial, nos que os portugueses se enfrontaran aos movementos de liberación nas súas colonias: Angola, Moçambique, Guiné-Bissau, Cabo Verde, São Tomé e Príncipe e Timor Leste. Despois dun ano da revolta, realizáronse as eleccións e estableceuse a democracia. A guerra colonial acabou e as colonias africanas acadaron a independencia antes de acabar 1975.

E depois do Adeus

Paulo de Carvalho

Quis saber quem sou
O que faço aqui
Quem me abandonou
De quem me esqueci
Perguntei por mim
Quis saber de nós
Mas o mar
Não me traz
Tua voz.

Em silêncio, amor
Em tristeza e fim
Eu te sinto, em flor
Eu te sofro, em mim
Eu te lembro, assim
Partir é morrer
Como amar
É ganhar
E perder

Tu vieste em flor
Eu te desfolhei
Tu te deste em amor
Eu nada te dei
Em teu corpo, amor
Eu adormeci
Morri nele
E ao morrer
Renasci

E depois do amor
E depois de nós
O dizer adeus
O ficarmos sós
Teu lugar a mais
Tua ausência em mim
Tua paz
Que perdi
Minha dor que aprendi
De novo vieste em flor
Te desfolhei...

E depois do amor
E depois de nós
O adeus
O ficarmos sós

Esta canção serviu de senha de inicio da revolucion de 25 de abril de 1974

Ondas hertzianas

Se a Revolução começou coa 'Grândola' de Zeca Afonso e o célebre tema 'E depois do adeus' do eurovisivo Paulo de Carvalho, a radio sería un elemento simbólico de difusión. En Galicia, a RTP podía captarse perfectamente desde calquera punto do país e pronto serviu de altofalante para a resistencia antifranquista. Franco protestou incluso polas emisións e o réxime tratou de mobilizarse para deter o fenómeno –imparable xa– das ondas hertzianas. Os galegos, non obstante, encontraron nas emisións portuguesas non só o referente dun horizonte político ou o canon dun tipo de canción que fundía compromiso e melodía: tamén na Revolução dos Cravos moitos galegos descubriron a ponte do idioma.

Portugal Ressuscitado

José Carlos Ary dos Santos

Depois da fome, da guerra
da prisão e da tortura
vi abrir-se a minha terra
como um cravo de ternura.

Vi nas ruas da cidade
o coração do meu povo
gaivota da liberdade
voando num Tejo novo.

Agora o povo unido
nunca mais será vencido
nunca mais será vencido

Vi nas bocas vi nos olhos
nos braços nas mãos acesas
cravos vermelhos aos molhos
rosas livres portuguesas.

Vi as portas da prisão
abertas de par em par
vi passar a procissão
do meu país a cantar.

Agora o povo unido
nunca mais será vencido
nunca mais será vencido

Nunca mais nos curvaremos
às armas da repressão
somos a força que temos
a pulsar no coração.

Enquanto nos mantivermos
todos juntos lado a lado
somos a glória de sermos
Portugal ressuscitado.

Agora o povo unido
nunca mais será vencido
nunca mais será vencido.

(Caxias, 26 de Abril de 1974)

Os últimos românticos

"A Revolução dos Cravos foi romantica, entre outros motivos, porque reunía todos os ingredientes para a formación dunha mitoloxía. 'Grândola Vila Morena', unha canción libertaria do Alentejo, cantada por Zeca Afonso, foi a música que serviu de seña para a deflagración do movemento. A revolução gañou ese nome porque as mozas ofrecían cravos para os soldados que ocupaban a praza do Rossio. Como tiñan as mans ocupadas, colocaban as flores no cano da arma. No día seguinte, os xornais estamparan as fotos e o poder simbólico desa fusión insólita –metralladoras e flores– batizou naturalmente un movemento vitorioso sen case nengún tiro disparado" (Luiz Zanin Oricchio)

Independencia

Sergio Godinho

Quem diz que sim quem diz que não
Quem diz que sim quem diz que não
São os movimentos de libertação
são os movimentos de libertação

E ainda anda tanto português
A dizer talvez, a dizer talvez
A dizer talvez, a dizer talvez.

Independência
Independência

A África é dos africanos
já chega quinhentos anos
Já chega quinhentos anos
A África é dos africanos

Quem diz que sim quem diz que não
Quem diz que sim quem diz que não
São os movimentos de libertação
são os movimentos de libertação

E ainda anda tanto português
A dizer talvez, a dizer talvez
A dizer talvez, a dizer talvez
E a dizer "pois sim"
E a dizer "pois é"
E a dizer "que remédio"
E a dizer "Rodésia"
E a dizer "mas sabe"
E a dizer "que pena"
E faz e acontece

Independência

De "A Queima Roupa" editado no 1974

Tanto Mar II

Chico Buarque

Foi bonita a festa, pá
fiquei contente
"inda guardo renitente, um velho cravo para mim

Já murcharam tua festa, pá
mas, certamente
esqueceram uma semente nalgum canto de jardim

Sei que há leguas a nos separar
tanto mar, tanto mar
Sei também como é preciso, pá
navegar, navegar

Canta Primavera, pá
cá estou carente
manda novamente algum cheirinho de alecrim

rdL | 7
Galicia Hoxe 28/04/05

A primeira versión de "tanto mar" foi censurada xa que a canción saudaba a revolución de Abril do 1974 en Portugal. Foi gravada totalmente, por vez primeira, nun espectáculo en directo con Maria Bethania, e pasado a disco en 1975. A segunda versión foi gravada no inicio do 1976 e refírese a novembro de 1975 e á fin do período máis revolucionario.

Voces Ceibes

Durante as revoltas da segunda metade do século XX, as cancións convertéronse nun dos grandes elementos simbólicos e aglutinadores, nunha linguaxe que os máis novos comprenderon e difundiron. O rock e o pop convertéronse nos vehículos idóneos desa nova xuventude, que tomou as rúas de París ou as de Praga. En Galicia, aquel mítico 68 serviu para que tomara corpo Voces Ceibes, un conxunto de cantautores que se fixeron estandarte da loita estudantil e as protestas contra o réxime de Franco. Voces Ceibes –no que militaban desde o hoxe académico Guillermo Rojo ao crítico Vicente Arguas ou Benedicto e Bibiano– abriron o pano da canción protesta no país.

Entender a Chico Buarque

"Entender as razóns de Chico Buarque é entender a Revolución dos Cravos. A dinámica dos acontecementos traza un paralelo coa Revolución Francesa. Houbo unha primeira fase, de menos dun ano, marcada por un conservadorismo moderado. Foi cando, no medio da euforia, os portugueses se mergullaron na democracia. O segundo momento, no que prevaleceu o radicalismo de esquerda, foi frenético e fugaz. Durou pouco mais dun verán, o "verão quente de 75", como sería chamado. O goberno nacionalizou os bancos e interveu fortemente na economía. Por fin, na terceira etapa, predominou a creación moderada, desviando para á dereita o curso revolucionario, de aí o desencanto de Chico" (Óscar Pilagallo)



**Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e Soedade Noia. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Correo:
mare@galicia-hoxe.com**